

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEAREAS

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

BASES DO LI (51), CONCURSO DE GAITAS DO PAÍS DE PONTEAREAS 2018

ANUNCIO

Faise público para xerar coñecemento que por Resolución da Alcaldía, de data 31 de xullo, aprobáronse as bases para o LI (51) CONCURSO DE GAITAS DO PAIS DE PONTEAREAS 2018

Polo que se expoñen ao público para que ata o día 10 de setembro os interesados poidan presentar solicitudes no Rexistro de Entrada do Ilmo. Concello de Ponteareas.

LI CONCURSO DE GAITAS DO PAÍS DE PONTEAREAS. 2018

O Concello de Ponteareas, no seu afán por promover e difundir a música tradicional galega, convoca para o vindeiro sábado 22 de setembro de 2018 a LI (51) EDICIÓN DO CONCURSO DE GAITAS DO PAÍS, consolidándose coma a festa musical da súa especialidade máis antiga de Galiza e colocando Ponteareas como referente no panorama da música tradicional galega.

BASES:

1º.—Poderán participar no concurso todos os grupos de gaitas que toquen con instrumentos tradicionais galegos, sen modificación de ningún tipo.

2º.—Documentación a presentar:

- Solicitud. Modelo facilitado polo Departamento de Cultura Municipal ou na web do Concello,
- Certificación da conta bancaria ou Ficha de Terceiros, incluíndo o número de conta onde se ingresará o premio ou a gratificación.

A inscrición realizarase por Rexistro de Entrada do Ilmo. Concello de Ponteareas, ben presencial, electronicamente ou a través de calquera das formas previstas no art. 16.4 da Lei 39/1995, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), de forma gratuíta ata o día 10 de setembro de 2018.

É importante que cada grupo indique na inscrición o enderezo, o correo electrónico e número de teléfono de contacto. O día 14 de setembro, o Concello resolverá a listaxe de grupos admitidos no concurso, notificándollos a todos os inscritos.



Mércores, 8 de agosto de 2018

Núm. 152

3º.—O número máximo de grupos de gaitas participantes será de vinte (20). O día 18 de setembro realizarase o sorteo en presenza do Secretario do Concello ou da persoa na que delegue.

Os compoñentes dos grupos participantes non poderán participar na mesma edición do concurso formando parte de máis dunha banda. Farase unha lista de agarda por orde de inscrición para os casos de renuncia.

4º.—Os instrumentos obrigatorios para concursar serán: dúas gaitas, un bombo e un tamboril. Non serán admitidos máis instrumentos dos enumerados nin menos, debendo os participantes vestir o traxe tradicional galego completo.

5º.—Os grupos participantes estarán ás 16:30 horas da tarde do sábado, día 22 de setembro de 2018, diante do edificio da Casa do Concello de Ponteareas e realizarán unha ruada interpretando melodías galegas ata o Auditorio na orde establecida no sorteo co que dará comezo o LI CONCURSO DE GAITAS DO PAÍS de Ponteareas.

6º.—Os grupos participantes interpretarán dúas pezas de libre elección que serán de raíz melódica galega. O tempo total das dúas pezas será como máximo de 8 minutos e non se admitirá a interpretación de suites nin de popurrís.

7º.—Permítese a afinación dos instrumentos musicais no escenario. Terminadas as interpretacións, o xurado resolverá ao seu criterio a clasificación dos grupos participantes. O xurado é competente para declarar deserto algún dos premios.

8º.—O xurado do LI CONCURSO DE GAITAS DE DO PAÍS de Ponteareas estará composto por recoñecidos gaiteiros e personalidades do mundo da gaita e da música tradicional de Galiza

9º.—Para recoller o premio deberán subir ao escenario todos os compoñentes de cada un dos grupos clasificados nos catro primeiros postos, debendo vestir en traxe tradicional galego completo.

10º.—5º.—O LI CONCURSO DE GAITAS DO PAÍS de Ponteareas estará dotado dos seguintes premios:

1º PREMIO 1.800,00 euros

2º PREMIO 1.200,00 euros

3º PREMIO900,00 euros

4º PREMIO 600,00 euros

O primeiro premio tamén obterá unha gaita de Gaitas Gil e un tamboril de Sarín Percusión doados por Artesanía de Galicia.

O Concello de Ponteareas outorgará unha gratificación de 200,00 euros aos grupos en concepto de participación, agás o 1º premio, o 2º premio, o 3º premio e o 4º premio, conforme a base 41ª das Bases de Execución do Orzamento Municipal.



Mércores, 8 de agosto de 2018

Núm. 152

O crédito que se dispón para outorgar os premios e gratificacións será de 7.700,00 euros, con cargo ao orzamento vixente.

11º.—Os premios e gratificacións estarán suxeitos ás correspondentes retencións establecidas por lei

12º.—A participación nesta convocatoria implica a aceptación das normas recollidas nestas bases e a conformidade coas decisións da organización e do xurado, decisión que será inapelable, sen dereito a reclamación ou recurso ningún.

Ponteareas, asinado dixitalmente

